

SACHOLA PULIMENTADA DE VILARIÑO (ESCORNABOIS)

Por Manuel GARCÍA VALDEIRAS

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago de Compostela

Resumen: Con esta noticia se quiere dar a conocer una nueva azada pulimentada, descubierta en Escornaboís, ayuntamiento de Trasmirás en la comarca de la Alta Limia (Ourense).

Abstract: With this new is wanted to make know a new polished hoe, discovered in Escornaboís, city council of Trasmiras in the distric of the Limia Discharge (Ourense).

Palabras clave: azada, cista.

Key words: polished hoe, cist

Esta peza lítica apareceu en superficie, según informou a súa descubridora Manuela Rodríguez González¹. O achado produciuse hai uns corenta anos aproximadamente, nun lameiro que se inclue dentro da área denominada, polos veciños de Escornaboís, Vilariño.

A peza e as circunstancias do seu achado fóronme dadas a coñecer por ser veciño do pobo. Na actualidade o machado é propiedade da familia de dona Manuela, quen a garda con cuidado e a mostra a todo aquel que se interese por ela.

Na Limia Alta ás sacholas chámaseselles sachas, pero para evitar confusións e en favor da uniformidade terminolóxica decidín rexeita-la denominación local.

LOCALIZACIÓN

Os lameiros de Vilariño atópanse situados na vertente occidental da dorsal que separa a comarca da Limia Alta do Val do Támega. É un lameiro en costa a unha altitude aproximada de 725 m. Emprázase o lameiro a pouco máis de 1 km ó NE do pobo de Escornaboís, pertencente ó concello de Trasmiras (Fig. 1).

Coordenadas topográficas.

N - 42° 02' 50".

E - 7° 34' 30".

Folla nº 264, cadrante IV, do I.G.N. a escala 1:25.000 do M.T.N.

¹ O meu agradecemento a dona Manuela e a súa familia por presta-la peza para a realización de este artigo.

CONTEXTO ARQUEOLÓXICO

A tradición popular conta que o nome de *Vilariño* débese a que neste lugar estaba o primeiro pobo dos antergos dos actuais veciños que logo se trasladarían e construírían o actual pobo de Escornabois.

Dentro da zona denominada *O Muíño*, perto de *Vilariño*; uns veciños da aldea, haberá tamén uns corenta anos e coa pretensión de atopar ouro, «excavaron» o que según a súa descrición parecía unha cista²; o único que recordan haber atopado no seu interior foron uns «cacharros de barro rotos que tiramos por que non valían para nada». Na actualidade, no lugar que ocupou a suposta cista pasa unha pista da concentración parcelaria.

DESCRIPCIÓN

O obxecto deste estudo ten forma xeral triangular aínda que a rotura de parte do talón poida suxerir certa forma trapezoidal; ten un perfil convexo-asimétrico. A cara A rexistra unha muesca acanalada que parte do talón, a incurvación desta cara en relación ó fio é moito máis pronunciada que a da cara B que resulta máis aplanada. O puído é perfecto excepto na cara B, onde parece inacabado na parte central, ten unha pequena fractura nun dos lados entre a acanaladura e o fio; o talón aparece fracturado polo que adquire unha forma irregular, o fio ten forma convexo-asimétrica e no momento de ser atopado aínda mantiña un bó corte. A peza está feita a partir dun nódulo de sillimanita, na categoría de fibrolita, en entrecruzamento con cuarzo³.

As súas medidas son:

—Lonxitude: 11'3 cm. Índice: 3'76.

—Anchura: 6 cm no fio e 2'5 cm no talón. Índice: 0'65.

—Espesura: 1'5 cm no lado menos groso e 2 cms no maior. Índice: 0'22.

O peso da peza é de 295 gr.

Tendo en conta as súas características a peza catalogárase como unha sachola do tipo II a⁴.

CONCLUSIÓNS

O paralelo máis cercano témolo na Baixa Limia nunha sachola tipo *II a* elaborada en seixo, apareceu na mámoa *M-4 de Outeiro de Cavaladre* en Muíños-Maus de Salas⁵, trátase de un monumento megalítico cunha estrutura interna indefinida.

² Estos buscadores de tesouros describíronme o seu achado como unha «caixa cuadrada feita con laxas de pedra» e que estaba cuberta por «un montiño de terra».

³ O meu agradecemento ó xeólogo Ramón Seara Valero polo recoñecemento do material.

⁴ Segundo a clasificación de FÁBREGAS VALCARCE, R. (1991): *Megalitismo del Noroeste de la Península Ibérica. Tipología y secuencia de los materiales líticos*. U. N. E. D., Madrid.

O material en que está feita a sachola é, como xa dixemos, a fibrolita; trátase dunha rocha de primeira calidade para a fabricación de útiles líticos; soe aparecer en nódulos de fácil traballo (desprendimento en fibras, de ahí o seu nome) e que dan como resultado un instrumento moi duro. Segundo o mapa xeolóxico da zona⁶, as vetas de fibrolita máis cercanas a Vilariño están no Sur da Alta Limia (6-7 km aprox. dirección S-W), polo que se pode falar dun produto de manufactura local.

O espectro cronolóxico de este tipo de pezas é moi amplo, pois abarca todo o período do Megalitismo⁷ (principios do IV- finais do III milenio a.C.) ata o Calcolítico inclusive como se ve nas grutas Palmela asociadas con material campaniforme⁸. A única referencia contextual coa que se conta é a referente ó expolio da posible cista xa mentada, a descripción dos «violadores» fai pensar nunha pequena cista rectangular do Megalítico Final⁹, coincidente có outro fenómeno cultural o Calcolítico. Por todo elo poderíase incluír cronoloxicamente no período de transición que transcurre entre mediados do III e comezos do II milenio a.C.

Polo que respecta á funcionalidade, outra vez temos que facer referencia ó único dato contextual que temos, a desaparecida e violada cista que estaría situada a un Km, aproximadamente, en dirección Oeste do lugar do achado da sachola; a primeira impresión era a de que esta sachola formaría parte do enxoval da devandita cista ou doutra que correra a mesma sorte, pero unha serie de datos xogan a favor dunha finalidade máis práctica que a de servir como peza votiva nun enxoval funerario¹⁰:

—A distancia ata a cista é a suficiente (1 km) como para desbotala como

⁶ EGUILLETA FRANCO, J. M^a. (1994): *Megalitismo e Calcolítico na Baixa Limia galega*. Tese de doutoramento microfilmada, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 404, Universidade de Santiago de Compostela. 1995c, Investigación arqueolóxica en Muiños (Baixa Limia, Ourense). «O concello de Muiños e o seu Marco Arqueo-xeográfico» (Memoria das campañas 1990, 1991, 1992, 1993 e 1994). Memoria inédita depositada na D.X.P.H.D. da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

⁸ Folla nº 264 (Xinzo de Limia) a escala 1:50.000, do M.T.N.

⁷ Dombate: 4910±60 B.P./ 4930±70 B.P. en ALONSO MATHIAS, F. & BELLO DIÉGUEZ, J.M., (1995), «Aportaciones del Monumento de Dombate al megalitismo noroccidental: dataciones de C14 y su contexto arqueológico». Actas VII del «1º congreso de Arqueología Peninsular», *Trabalhos de Antropología e Etnología*, 35, pp. 153-181.

⁸ LEISNER, V.; ZBYSZEWSKI, G. & VEIGA FERREIRA, O. (1961): *Les Grottes Artificielles de Casal do Pardo (Palmela) et la Culture du Vase Campaniforme*. Servicios Geológicos de Portugal, Memoria 8, Lisboa.

⁹ RODRÍGUEZ CASAL, A. (1983): *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Biblioteca de Divulgación, serie Galicia, 4, Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁰ Pódense citar como exemplos representativos dos enxovais funerarios das mámoas do NW: Pago da Matela (LUENGO MARTÍNEZ, J.M. (1974-75) «Piezas del Museo Histórico-Arqueológico de la Coruña. Objetos pétreos de la primera Edad de los Metales». *Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses*, XX-XXI. A Coruña, pp.131-142); M87 da Serra Faladoira (MACÍNEIRA, M. (1947). Bares. *Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Centro Superior de Investigaciones Científicas. Santiago de Compostela); Monte Campelos (RODRÍGUEZ CASAL, A. (1983). «A mámoa de Monte Campelos e o seu enterramento secundario. Novos datos encol do Megalitismo Final Galego». *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 1, Lugo, pp. 7-17); M4 de Os Campiños (FÁBREGAS VALCARCE, R. & FUENTE ANDRÉS, F. de la. (1991-92). «Excavación da mámoa 6 e Os Campiños (Leiro, Rianxo), Campaña de 1984». *Brigantium*, 7, A Coruña, pp. 91-149), etc.

punto de orixe, ademáis hai que ter en conta que a cista foi violada despois de ser atopada a sachola.

—O entorno do lugar do achado é apto para labouras agrícolas productivas.

—Non hai máis referencias a cistas nin a monumentos megalíticos na área, área que sen embargo recibe un claro topónimo de asentamento, *Vilariño*, e unha lenda que o sinala como tal.

—O puído na cara plana está algo descuidado; a pequena fractura lateral puido deberse a algún accidente laboral e a rotura de talón, imposibilitando un bo amarre ó mango, ó millor provocou que a peza fora desbotada como inservible.

Escornabois, 29 de Novembro de 1996





FIGURA 1. Localización do lugar do achádego. 1) Lugar do achado da sachola. 2) Localización da posible cista destruída.




FIGURA 2. Caras, perfil e seccións da sachola de Escornabois. Debuxos de Sergio Paredes Fortes.